



COMPETENCIAS CLAVE 2016

A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, convoca **probas de avaliación en competencias clave** para o acceso ás accións formativas para desempregados (cursos AFD) dos novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional da formación profesional para o emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta orde é un instrumento que fai posible que as persoas que carecen das titulacións académicas requiridas (ESO, FP, Bacharelato) poidan acceder á formación para desempregados con certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, que lles permitirá progresar no mercado laboral.

- **Prazo de solicitude ata o 2 de abril.**
- As probas terán lugar o 21 de maio.
- O lugar de realización das probas prevese que sexa en Silleda (Pontevedra) como nas últimas convocatorias.

Información e inscrición:

Servizo de información, orientación e prospección de emprego do Concello de Boiro

Tel. 981842609

E-mail: orientacion.laboral@boiro.org